

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de febreiro de 2021**

Ás 17.43 horas do día 18 de febreiro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339715>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE XANEIRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xaneiro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 21 de xaneiro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, pregunta polas preguntas realizadas sobre a estación de montaña de Manzaneda, no Pleno e tamén na anterior Comisión e no recibín resposta. Roga que estas preguntas sexan contestadas xa que a Deputación Provincial ten o 49 % do Consello de Administración desta empresa pública.

A presidenta da comisión sinala que o noso voceiro, neste caso Plácido, no mes de xaneiro deu resposta ás preguntas sobre este tema. Entende que non quedaron se deu resposta a todas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, aclara que foi o presidente quen respondeu o 15 de xaneiro a unhas preguntas. Pero había outras preguntas que se trasladaron pero eran sobre MEISA e o presidente indicou que se lle trasladarían a esta empresa para dar resposta. A día de hoxe non se fixo.

A presidenta da comisión indica que entendeu que quedaran respondidas no Pleno. E se non é así, comprométese a que se non se fai antes, traeranse na próxima comisión.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta sobre a creación dun observatorio tecnolóxico de turismo a través dun convenio do colexio profesional de enxeñeiros informáticos de España. Queren saber se se asinou este convenio e se se creou o observatorio tecnolóxico de turismo e cales son os obxectivos e as accións que van levar a cabo.

A presidenta da comisión sinala que pedirá información e na próxima comisión traerá a resposta.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta sobre un videoclip que se chama “terra de nadie” rodado en Valdeorras, nunha canteira. Queren saber se lles parece suficiente este vídeo para a promoción da zona e cal é o custo e participación que ten a Deputación neste videoclip.

A presidenta da comisión indica que nunca é suficiente. Todas as accións de promoción todas son benvidas axudan a ese territorio e a toda a provincia. Respecto ao custo traeremos información para a próxima comisión.

A presidenta da comisión dálle a benvida á compañeira Montserrat que se reincorpora tras a súa baixa maternal.

E, ás 17.48 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.